

Neste proxecto xúntanse alumnos e máis profesores da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, co fin de achegar e coñecer un pouco máis os movementos e costumes da xente e os seus lugares.

Cogallo do Festival de Cans, preténdese levar a cabo unha recollida de tódolos posibles espazos de asentamento dispostos na zona, e así, interpretar e valorar as solucións tomadas en cada caso. Deste xeito poderánse analizar os máis establecidos e considerar a súa conservación ou mellora, e tamén por outra vía, estudar as diferentes posibilidades que aparecerán de cara a ofrecer novos espazos ou novas formas de asentar.

Ésta viaxe non deixará indiferente a ninguén, xa que resulta impresionante ver cómo a xente decide, en consenso, e co tempo como valedor, que lugares e que xeitos. Dende bancadas de granito que todos atopamos na memoria, pasando por materiais de calquera tipo que hoxe serven aquí, neste intre, como asento, pero mañá servirán alá, como calquera outra cousa. Cañotas, pedras, buratos, outeiros, madeira, teas...

- BANCOS NOVOS
- BANCOS RECUPERADOS
- BANCOS HISTÓRICOS

BANCO DO BAR FORTES

BANCO DO CEMITERIO
BANCO DOS CHANZOS

PEOR BANCO DO MUNDO


BANCO DA ENCRUCILLADA
BANCO DA PEREIRA
BANCO DO BAR DE BOENTE

BANCO DE CHELO
BANCO DOS PÉS MOLLADOS
BANCO DO CRUCEIRO
BANCO METÁLICO
BANCO DA IGREXA

BANCO DE PUJME
BANCO DO ROTEIRO
BANCO DE OLGA

PARADA RUMBO A PORRIÑO

PARADA RUMBO A PONTEAREAS



PARTICIPAN:

D O C E N T E S

JUAN CREUS ANDRADE
PABLO GALLEGU PICARD
JESÚS LLAMAZARES CASTRO

A L U M N O S

VICTOR BREA ZAMAR
PAULA CASTRO VALERO
JOEL COTARDO VALCÁRCEL
IVÁN CUELLAS CASADO
MARÍA GAGO REGUEIRA
BORJA GREEN SEXTO
ALBA LEÓN ÁLVAREZ
DAVID MUÑIZ LOIRA
MIGUEL OTERO PAZ
DANIEL PÉREZ ÁLVAREZ
NUNO RIVEIROS ALMODÓVAR

Na procura da razón, da causa, do xeito, téntase comprender como xurden éste tipo de espazos, éste tipo de decisións, éste tipo de lugares máxicos, liberados inda de normas ou leis que os regulen , que aparecen para conceder pausas no noso camico, acougo nos nosos lastres, contacto coas nosas realidades, ou ncluso as veces para conceder tempos que non contan.

Trálo pequeno estudo, pódese concluir que éstes asentamentos maniféstanse, polo xeral, coma un xesto de bondade, de xenerosidade, onde alguén ofrece, e alguén agradece.

Encrucilladas nas longas marchas, fogares que se botan á rúa e se prestan ao visitante, puntos de congregación, lugares de longas esperas, etc...

Claro queda que éstes espazos aparecen, polo xeral, dando resposta a unha cuestión funcional, onde a necesidade se impón. Ata aquí todo vai cadrando, pero é xusto agora cando a curiosidade se aguza. Vese que comezan a aparecer pequenos recunchos que a xente interpreta, imaxina e convirte coa infalible arma do *sentir*.

Aquela sombra debaixo da pereira, aquela pedra con tan boa feitura, aquel petouto, aquel regato.

COLABORAN:

